

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE OUTUBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Chantada da estrada provincial LU-P-1808 N-540A - Quinteliña.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regulan as unidades de farmacia e os depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública a reestruturación parcelaria da zona de Retizós (Baleira - Lugo).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello da Guarda para o proxecto de reforma e rehabilitación enerxética da piscina municipal da Guarda, por importe total de dous millóns oitocentos oitenta e oito mil trescentos sesenta e oito euros con corenta e nove céntimos (2.888.368,49€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se autoriza o inicio do trámite de audiencia e de información pública do anteproxecto de Lei de Administración ambiental simplificada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), para a dotación de equipamento en innovación educativa e a adquisición e o uso compartido de equipamento científico-técnico, ano 2025, por un importe total de cinco millóns cento cincuenta e catro mil setecentos noventa e tres euros con vinte e sete céntimos (5.154.793,27€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade da Coruña (UDC), para a dotación de equipamento en innovación educativa e a adquisición e o uso compartido de equipamento científico-técnico, ano 2025, por un importe total de tres millóns catrocentos cinco mil euros (3.405.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVIGO), para a dotación de equipamento en innovación educativa e a adquisición e o uso compartido de equipamento científico-técnico, ano 2025, por un importe total de catro millóns trinta e un mil trece euros con sesenta céntimos (4.031.013,60 €).
- Acordo polo que se aproba como Proxecto estratéxico de investigación de iniciativa pública o proxecto de construción do novo edificio Datacenter da Fundación Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o proxecto industrial estratéxico dunha planta de conversión de madeira en carbón vexetal, en Dumbría (A Coruña), promovido por Xallas Electricidad y Aleaciones, S.A.U.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario en cada lote, da subministración de equipamento informático para centros educativos no marco do proxecto Abalar-Edixgal por un valor estimado de vinte e nove millóns catrocentos mil euros (29.400.000,00 €)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción "Adaptación da estrada LU-231, Friol-A Baiuca, punto quilométrico (p.q.) 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao Plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada, treito: 9+400-18+700", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de catro millóns catrocentos oitenta mil catrocentos dez euros con vinte e oito céntimos (4.480.410,28 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón do balance do proxecto de Alerta Escolar.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80% da subvención concedida e a exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a salas de artes escénicas de titularidade privada e se convocan para o ano 2026 por importe total de catrocentos trinta mil euros (430.000 €) e tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a concesión de subvencións directas destinadas a compensar os prexuízos económicos producidos pola enfermidade hemorráxica epizoótica en Galicia, por un importe de noventa e seis mil vinte euros (96.020,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda de modificación do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo, para a identificación e marcación selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais por un importe total de dez mil catrocentos trinta e sete euros con dous céntimos (10.437,02 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as axudas a concellos para o financiamento dos gastos extraordinarios derivados dos incendios do verán de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a ampliación do proxecto piloto LUNG-GAL de detección precoz do cancro de pulmón.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as novidades da edición 2025 dos premios Xuventude Crea.
- Informe sobre a participación da Comunidade Autónoma de Galicia nos programas Erasmus+Xuventude (E+) e Corpo Europeo de Solidariedade (CES).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas para a realización de programas integrados de emprego (PIE) na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe sobre as axudas concedidas para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización e para o impulso da innovación e sustentabilidade do sector artesan.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución das axudas destinadas a investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), convocadas para o ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CHANTADA DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL AO SEU PASO POLO LUGAR DE QUINTELIÑA

- Transfírense á Administración local o treito inicial da LU-P-1808, de 375 metros de lonxitude, que discorre interiormente polo citado lugar, preto da vila deste municipio lugués e pertencente á parroquia de San Salvador de Asma
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Chantada dun treito da estrada provincial LU-P-1808, ao seu paso polo lugar de Quinteliña.

Trátase, concretamente, do treito inicial de 375 metros de lonxitude da LU-P-1808, que discorre interiormente polo lugar de Quinteliña, preto da vila do municipio e pertencente á parroquia de San Salvador de Asma.

O Concello de Chantada solicitou a transferencia de titularidade do treito desta vía provincial, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+375, e esta foi aprobada pola Deputación Provincial de Lugo.

A transferencia deste treito a prol do Concello de Chantada tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Chantada terá a competencia para actuar neste treito da estrada LU-P-1808 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE IMPULSA AS UNIDADES DE FARMACIA E OS DEPÓSITOS DE MEDICAMENTOS EN ATENCIÓN PRIMARIA

- Actualízase a anterior normativa co fin de regular as unidades de farmacia e os depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria
- O deseño desta atención farmacéutica en atención primaria implantado no Servizo Galego de Saúde é actualmente un modelo a seguir polo resto de comunidades autónomas
- As unidades de farmacia realizan funcións de revisión e adecuación da medicación, en colaboración co profesional de referencia do paciente, contribuíndo como parte do equipo multidisciplinar a que os usuarios obteñan mellores resultados en saúde
- Asumen, tamén, labores de seguimento farmacoterapéutico que contribúen a garantir a adherencia terapéutica, coordinan diferentes estruturas sanitarias e niveis asistenciais, incluíndo as farmacias comunitarias, para garantir a continuidade farmacoterapéutica, e resollen consultas sobre medicamentos
- Respecto dos depósitos de medicamentos, o decreto establece que se deberán constituír nos centros de atención primaria que non dispoñan dunha unidade de farmacia propia e que estarán vencellados a unha unidade de farmacia da área sanitaria correspondente
- O Servizo Galego de Saúde conta na actualidade con 100 farmacéuticos de atención primaria

O Consello da Xunta aprobou esta mañá definitivamente o decreto polo que se regulan as unidades de farmacia e os depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, unha vez incorporadas as achegas do Consello Consultivo de Galicia.

Este decreto actualiza a anterior normativa, o Decreto 176/2001, do 12 de xullo, sobre creación, apertura e funcionamento dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos no primeiro nivel asistencial, que xa quedara obsoleta.

Ademais, con este decreto a Xunta procede ao desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2019, de ordenación farmacéutica de Galicia, ofrecendo unha regulación actualizada e completa da atención farmacéutica nas estruturas de atención primaria.

No ano 1998 iníciase en Galicia a incorporación de farmacéuticos aos centros de saúde, sendo pioneira no enfoque asistencial da figura do farmacéutico de atención primaria ao integrala no equipo multidisciplinar dos centros de saúde. O modelo desta atención farmacéutica implantado no Servizo Galego de Saúde é actualmente un exemplo para seguir para o resto de comunidades.

No novo decreto, o Executivo galego incorpora actividades clave vinculadas á mellora dos resultados en saúde dos pacientes, e que xa están implantadas nos centros de atención primaria, para dar resposta ás necesidades do sistema sanitario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta aprobación enmárcase no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, fortalecendo unha asistencia sanitaria accesible e de calidade.

16 artigos e catro capítulos

O novo decreto consta de 16 artigos distribuídos en catro capítulos dedicados, respectivamente, ás disposicións xerais (obxecto e ámbito de aplicación, organización e réxime de funcionamento das unidades de farmacia e depósitos de medicamentos); ás unidades de farmacia (definición, funcións, recursos humanos e instalacións e recursos materiais); aos depósitos de medicamentos (funcións, instalacións e recursos materiais); e ao procedemento para a autorización da creación e posta en funcionamento.

As unidades de farmacia e depósitos de medicamentos intégranse nos servizos de atención primaria, localízanse nos centros sanitarios deste nivel asistencial e dependen funcionalmente do xefe do servizo de atención primaria en que estean integrados e, no caso de existir, do coordinador de farmacia de cada área sanitaria.

A organización e o réxime de funcionamento das unidades de farmacia e dos depósitos permiten, durante o tempo en que os centros sanitarios de atención primaria presten servizo ao público, a dispoñibilidade dos medicamentos para seren aplicados dentro deles e daqueles fármacos para os cales se exige unha particular vixilancia, supervisión e control do equipo multidisciplinar de atención á saúde, de acordo coa normativa aplicable.

Previamente á elaboración do texto, recompilouse a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente implicadas a través da consulta pública que se facilitou a través do Portal de transparencia e goberno aberto.

Unidades de farmacia

Tal e como se recolle no decreto, a unidade de farmacia é o órgano a través do cal se presta a atención farmacéutica nos centros sanitarios de atención primaria en Galicia, cuxo principio básico de actuación é garantir a maior equidade posible no acceso ás prestacións en condicións de igualdade efectiva.

Para tal efecto, establécense tendo en conta a localización dos servizos de atención primaria, así como a poboación que cómpre atender, de tal xeito que cada unidade dá cobertura a unha poboación aproximada de 25.000 habitantes, e ten definida a súa demarcación territorial polo centro sanitario de atención primaria en que estea localizada e os centros sanitarios de atención primaria en que se sitúen os depósitos vinculados a ela.

Estas unidades realizan as tarefas e actividades orientadas a garantir a atención farmacéutica necesaria. Así, realizan funcións de revisión e adecuación da medicación, en colaboración co profesional de referencia do paciente, contribuíndo como parte do equipo multidisciplinar a que os usuarios obteñan os mellores resultados en saúde froito da utilización dos medicamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén son responsables de establecer un sistema de seguimento farmacoterapéutico que contribúa a garantir a adherencia e persistencia terapéutica a través de programas de conciliación da medicación establecidos nas diferentes transicións asistenciais dos pacientes.

Ademais, deben impulsar a coordinación en farmacoterapia entre diferentes estruturas sanitarias e niveis asistenciais, incluíndo as farmacias comunitarias, co fin de garantir a continuidade farmacoterapéutica.

Estas unidades resolverán consultas sobre medicamentos e produtos sanitarios que poidan formular os distintos profesionais e a cidadanía.

Pacientes crónicos e novas necesidades

O aumento da esperanza de vida e o descenso da natalidade está dando lugar ao envellecemento da poboación. Este feito terá o seu maior impacto no sistema sanitario, posto que co paso dos anos aumenta o risco de contraer enfermidades crónicas. A maior prevalencia destas enfermidades implica un maior uso do sistema sanitario, cuxa organización se debe adaptar para xestionar novas necesidades.

Por outra banda, os pacientes reciben tratamento farmacolóxico de forma continua ou crónica durante anos ou mesmo de xeito indefinido. Cada vez é maior o arsenal farmacoterapéutico, coa constante incorporación de novas terapias e, ao mesmo tempo, impónse un manexo cada vez máis personalizado dos medicamentos.

A maiores, atopámonos cun paciente que desexa estar informado e participar na toma de decisións sobre os seus tratamentos. Un aspecto relevante deste paciente crónico pluripatolóxico é a necesidade dun equipo multidisciplinar para a súa atención, cun alto nivel de colaboración dos diferentes profesionais.

O papel e as responsabilidades do farmacéutico de atención primaria no Servizo Galego de Saúde evolucionou para tratar de dar resposta a estas necesidades do sistema; constitúe un referente para a adecuación da farmacoterapia e a optimización do tratamento farmacolóxico na atención primaria e o obxectivo fundamental da súa actividade é mellorar a seguridade, efectividade e eficiencia do uso do medicamento, recurso terapéutico máis utilizado na asistencia sanitaria, tanto a nivel individual como poboacional, facilitando así a toma de decisións clínicas dos profesionais. Neste contexto, a Xunta regula a través deste decreto as unidades de farmacia, estrutura onde se desenvolven as funcións destes profesionais.

Depósitos de medicamentos

Respecto dos depósitos de medicamentos, o decreto refire que se deberán constituír nos centros sanitarios de atención primaria que non dispoñan dunha unidade de farmacia propia e que estarán vinculados a unha unidade de farmacia da área sanitaria correspondente, e quedarán baixo a súa responsabilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O farmacéutico supervisor dos depósitos garantirá a correcta custodia, conservación e dispensación de medicamentos para a súa aplicación no centro en que estea integrado e establecerá as normas de acceso a el.

Na actualidade, hai un total de 100 farmacéuticos neste nivel asistencial para unha media de ratio poboacional ao redor dos 25.000 habitantes, por riba da media nacional, o que reforza a seguridade, calidade e continuidade asistencial, garantindo a seguridade dos tratamentos e, por conseguinte, unha maior calidade de vida dos pacientes.

En consecuencia, as tarefas recollidas no decreto hoxe aprobado serán realizadas polos efectivos actuais do Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA PARROQUIA DE RETIZÓS, NO CONCELLO LUGUÉS DE BALEIRA

- A zona na que se prevé actuar abrangue unha superficie de 775,38 hectáreas, nas cales se contabilizan 1.661 parcelas catastrais, con 755,42 ha e 178 titulares
- Na parroquia hai censadas sete explotacións, a maior parte delas de vacún de leite, que se verán beneficiadas con este instrumento
- A Xunta de Galicia realiza un importante traballo para impulsar este tipo de instrumentos, cun orzamento que en 2026 ascenderá ata os 16,7 millóns, case 4 máis con respecto a este ano

A Xunta de Galicia vai declarar de utilidade pública a reestruturación parcelaria da parroquia de Retizós, no concello lugués de Baleira. A zona en que se prevé actuar abrangue unha superficie de 775,38 hectáreas, nas cales se contabilizan 1.661 parcelas catastrais, cunha superficie de 755,42 ha e 178 titulares, tal e como o recolle o proxecto de decreto avaliado hoxe no Consello da Xunta.

Nesta parroquia de Retizós a superficie media das parcelas é duns 4.500 metros cadrados, que aumentará a través deste proceso de reestruturación co fin de incrementar a rendibilidade dos predios. Tamén nesta zona hai censadas sete explotacións, a maior parte delas de vacún de leite, que se verán beneficiadas con este instrumento.

Cabe sinalar que esta reestruturación foi impulsada polos propios veciños da zona, que amosaron o seu interese en levar a cabo un proceso destas características na súa parroquia. Unha vez rematada a parcelaria, poderá afondarse na mitigación dos efectos do cambio climático mediante a diminución do CO₂, debido os menores desprazamentos e técnicas de cultivos con menor impacto. Contribuirase tamén á redución dos incendios forestais, ao crear infraestruturas e recuperar terras que se encontran en estado de abandono ou que son improdutivas, co fin de darlle ao territorio un uso máis rendible.

Con estes procesos contribúese a paliar o minifundismo existente na Comunidade desde o punto de vista da propiedade, ao mesmo tempo que se incrementa o valor das terras e aumenta a base territorial das explotacións, o que favorece a súa rendibilidade e reduce os custos de produción.

A Xunta de Galicia realiza un importante traballo para impulsar este tipo de instrumentos. De feito, o orzamento previsto para estes proxectos en 2026 ascende ata os 16,7 millóns, case 4 millóns máis con respecto a este ano.

Desde 2020 o Goberno autonómico rematou 35 concentracións parcelarias, que abarcan unha superficie total de máis de 24.000 hectáreas e benefician a máis de 18.000 propietarios que recibiron preto de 40.000 títulos de propiedade. Por outro lado, desde 2021 decretáronse 29 novas parcelarias en Galicia, que abranguen algo máis de 24.751

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

hectáreas, 112.133 parcelas de 16.309 titulares. Este ano entregáronse os títulos de Xunqueira de Ambía e Oroso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRIBUIRÁ A FACER MÁIS SUSTENTABLE E ACCESIBLE A PISCINA MUNICIPAL DA GUARDA

O Consello da Xunta autoriza un convenio co Concello pontevedrés para este proxecto, que incluírá aforros enerxéticos do 80% e servizos para facilitar o seu acceso

O Consello da Xunta autorizou hoxe o establecemento dun convenio entre Turismo de Galicia e o Concello da Guarda, destinado á reforma e mellora enerxética da piscina municipal deste municipio para mellorar e modernizar así os servizos desta infraestrutura da localidade situada no Camiño Portugués da Costa. O Goberno autonómico contribuirá cunha achega de máis de 614.700€.

A piscina municipal, situada nas aforas da localidade xunto ao trazado do Camiño Portugués da Costa, é unha das instalacións municipais con maior uso. O edificio consta de dúas plantas e un soto, organizadas en tres zonas diferenciadas pero conectadas. As obras previstas responden a un enfoque integral que combina a adaptación funcional, estética, económica e social do edificio existente. Dotarase así dunha imaxe exterior máis limpa, moderna e adecuada ao seu contorno, renovando o interior tanto en instalacións como en espazos e usos, baixo os principios de innovación, accesibilidade - coa instalación de cadeiras móbiles portátiles- e sustentabilidade.

O proxecto pon énfase na rehabilitación enerxética, coa renovación da envolvente con illamento sustentable, o emprego de equipos de elevada eficiencia e iluminación LED con sistemas de control e enerxías renovables, e a instalación de aparcadoiros para bicicletas ou patinetes eléctricos e dous puntos de recarga para vehículos eléctricos, entre outros.

En total, espérase acadar aforros enerxéticos próximos ao 80% e unha diminución dos requirimentos de mantemento actuais á metade, grazas ás melloras construtivas e en instalacións. O convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DA FUTURA LEI DE ADMINISTRACIÓN AMBIENTAL SIMPLIFICADA, QUE UNIFICARÁ A NORMATIVA GALEGA E INTEGRARÁ DISTINTOS TRÁMITES PARA REFORZAR A SEGURIDADE XURÍDICA E GAÑAR AXILIDADE

- Rueda anuncia que o Consello autoriza someter a información pública e audiencia o anteproxecto co fin de remitilo ao Parlamento no primeiro trimestre de 2026
- Con esta norma Galicia aspira a ter “unha posición de vangarda” entre as comunidades ao dotarse dun dos ordenamentos ambientais máis innovadores e modernos do país
- “Buscamos que Galicia estea mellor preparada para afrontar os retos ambientais e climáticos”, salienta o presidente
- A futura Lei aposta pola simplificación administrativa ao integrar trámites de competencia autonómica e local para evitar duplicidades e atrasos nas resolucións
- Clarificará o ordenamento ambiental autonómico e ofrecerá máis garantías aos promotores que queiran instalarse na Comunidade, á vez que previrá conflitos xudiciais interpretativos pola aplicación das diferentes normas
- Por primeira vez será posible tramitar en liña todos os procedementos ambientais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello acordou hoxe someter ao trámite de audiencia e de información pública o anteproxecto da Lei de Administración ambiental simplificada de Galicia, un texto con que aspira a actualizar e unificar o marco normativo vixente na Comunidade e avanzar na simplificación dos distintos trámites a aos que se deben someter aquelas actividades e proxectos que poidan causar un impacto potencial sobre a contorna. “O obxectivo é evitar duplicidades e eliminar certos trámites para axilizar o proceso conservando todas as garantías de que cumpren coa protección do medio ambiente”, salientou.

A futura norma reforzará a seguridade xurídica que piden tanto os promotores de iniciativas económicas suxeitas a avaliación ambiental como as propias administracións encargadas de aplicala, ao tempo que se axiliza a súa tramitación con plenas garantías pero evitando solapamentos e duplicidades, tal e como demandan os actuais retos climáticos e a normativa a nivel comunitario e estatal.

Para impulsar a súa tramitación, o anteproxecto legislativo someterase a información pública e audiencia durante o prazo dun mes, concretamente do 29 de outubro ao 29 de novembro. Neste período, o texto estará dispoñible no Portal de transparencia para que calquera interesado poida presentar as súas achegas e alegacións, que serán analizadas despois pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático co fin de enriquecer o documento inicial e poder remitilo ao Parlamento xa como proxecto de lei no primeiro trimestre do vindeiro ano.

Cómpre lembrar que o impulso desta norma xorde ante a dispersión das regulacións autonómicas sobre ordenación e avaliación ambiental xurdidas en resposta á rápida evolución que sufriu o dereito ambiental nas últimas décadas, así como da experiencia adquirida desde a aprobación en 1995 da Lei de protección ambiental de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todo isto fixo recomendable revisar o marco normativo da protección ambiental a nivel autonómico e substituílo por unha nova lei que sistematice, actualice e integre os distintos instrumentos de prevención e control da contaminación das actividades económicas que pola súa propia natureza poden incidir no ambiente e que o faga de acordo cos novos retos sociais e climáticos —sobre todo, cos derivados dos obxectivos de transición enerxética— e co marco regulatorio comunitario e estatal vixentes.

De feito, a Xunta aspira a situar Galicia nunha posición de vangarda respecto ao resto de comunidades, e para iso quere dotala dun dos ordenamentos xurídicos ambientais máis modernos, ambiciosos e innovadores de todo o país para previr e controlar de forma integrada a contaminación derivada de certas actividades, mellorar a eficiencia no uso dos recursos dispoñibles e promover a economía circular e a descarbonización.

Así, a futura norma autonómica garantirá que se cumpran os estándares de protección ambiental da UE, que foi a punta de lanza dos últimos avances do dereito ambiental, e irá en liña cos obxectivos do Pacto Verde europeo, que pon no centro das políticas de desenvolvemento socioeconómico o fito de acadar a neutralidade climática no ano 2050, obxectivo que a Xunta quere acadar en Galicia 10 anos antes, tal e como se recolle na futura Lei do clima, actualmente en tramitación parlamentaria.

Simplificación e axilización de procedementos

Para acadar os obxectivos sinalados, e de acordo coa tendencia actual a clarificar e facilitar cada vez máis todos os procedementos administrativos da Xunta, a futura lei simplificará algúns dos trámites xa existentes, sen prexuízo do rigor na análise dos proxectos nin do mantemento dun alto nivel de protección ambiental que garanta sempre o máis estrito cumprimento do ordenamento comunitario nesta materia.

A realidade é que a existencia de distintos instrumentos de intervención ambiental fai que os administrados deban tramitar varios procedementos ante a mesma consellería ou ante entidades públicas adscritas a ela, duplicando en ocasións trámites de consultas ou de información pública. Esta situación vai en contra dos principios de simplicidade, claridade, racionalización e axilidade que deben rexer os procedementos administrativos, e tampouco favorece a eficacia e a eficiencia xa que atrasa a posta en marcha de actividades autorizables sen que esa tardanza implique unha mellor protección.

Fronte a isto, na futura lei apóstase por axilizar a tramitación dos distintos procedementos de autorización e de avaliación ambiental; pola mellora da coordinación entre as administracións implicadas na súa tramitación, fomentando a colaboración de todas as partes, e por unha revisión dos actuais instrumentos de prevención e control ambientais —como a autorización ambiental integrada, a comunicación previa municipal ou a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas— que actualice o réxime dalgúns deles ou mesmo elimine pasos que se consideren innecesarios.

En concreto, e como exemplo das medidas con que se queren evitar duplicidades ou trámites innecesarios, a norma suprime a exixencia de que os promotores de instalacións ou actividades sometidas a autorización ambiental integrada ordinaria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

(AAIO) —que renomeará e substituirá a autorización ambiental integrada actual— teñan tamén que comunicalo previamente ao concello en que se desenvolverá a actividade.

Así mesmo, créase un instrumento novo, a autorización ambiental integrada simplificada (AAIS), coa finalidade de trasladar e replicar o modelo integrado de prevención e control da contaminación recollido na AAIO —que afecta grandes industrias— á tramitación ambiental de instalacións industriais consideradas de menor impacto, reducindo así cargas administrativas innecesarias ao integrar nun só procedemento e nunha única autorización os distintos trámites ambientais sectoriais. Neste caso, tampouco será necesario que o promotor llo comunique ao concello.

Por último, mantense o procedemento de comunicación previa municipal para o resto de casos non sometidos a autorización ambiental, pero integrarase nela o chamado informe de incidencia ambiental, trámite que están obrigadas a pasar con carácter previo determinadas actividades, detalladas nun dos anexos da propia norma.

Máis certeza e menos conflictividade

Fronte á dispersión normativa actual e para acabar coas posibles causas que xeran inseguridade e mesmo poñen en risco certas actividades e proxectos unha vez autorizados, a futura lei tamén busca levar a cabo unha simplificación do ordenamento xurídico ambiental de Galicia, reforzando, deste xeito, a seguridade xurídica dos operadores suxeitos á intervención ambiental pola natureza dos seus proxectos e, tamén, das administracións públicas que teñen que aplicar este marco legal.

Ademais, e grazas á integración nun só texto de toda a regulación das principais técnicas de ordenación e avaliación ambiental, que actualmente se encontra dispersa e fragmentada, a Lei de Administración ambiental simplificada tamén permitirá previr ou minimizar a proliferación de conflitos xudiciais interpretativos sobre a aplicación das ditas normas e, polo tanto, proporcionará a seguridade necesaria para o asentamento de actividades que requiren ser sometidas a este tipo de avaliación.

Un exemplo claro neste sentido serían os proxectos para a implantación en Galicia de enerxías renovables e parques eólicos en particular, sectores declarados de interese público superior polo seu papel clave para a consecución dos obxectivos de descarbonización e transición enerxética a nivel comunitario.

De feito, o anteproxecto inclúe varias disposicións relativas ás regras especiais para a avaliación de impacto ambiental dos proxectos enerxéticos e á aceleración do proceso de concesión de autorizacións para iniciativas de enerxía eólica en determinadas zonas ou de proxectos de renovación tecnolóxica, entre outros.

Procedemento electrónico para todos os trámites

Por último, e como terceiro eixe, a lei ten por obxecto garantir o acceso á información e fomentar unha maior participación pública nos trámites ambientais. En concreto, prevé a creación do Rexistro Ambiental de Instalacións de Galicia, para facilitarlle información

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

á cidadanía, e da Plataforma galega de información ambiental, que se configurará como un sistema de información permanente e de acceso público en liña que permitirá, ademais e por primeira vez, tramitar por vía electrónica todos os procedementos ambientais, incluídas as autorizacións integradas e as avaliacións de impacto.

De feito, a posta en marcha desta nova plataforma será especialmente relevante, xa que garantirá a posibilidade de presentar en liña trámites que agora só se poden realizar de forma presencial, unha opción moi demandada por promotores e axentes económicos polo aforro de tempo e molestias que supón.

A maiores, a lei tamén prevé a activación dos chamados puntos de contacto ambiental, onde se lles prestará apoio aos administrados para resolver consultas administrativas previas e na tramitación dos distintos procedementos de intervención ambiental de competencia autonómica, que adoitan ser complexos e requiren de asesoramento.

Así mesmo, a norma galega aspira a contribuír ao fomento das boas prácticas ambientais entre as galegas e os galegos, para o cal prevé instrumentos de acción voluntarios, como a posibilidade de subscribir acordos ambientais ou de implantar sistemas comunitarios de xestión e auditoría ambiental.

Rueda resaltou que a finalidade desta normativa é “que Galicia estea mellor preparada para os retos ambientais e climáticos” e que a Comunidade se sitúe “á vangarda á hora de regular o impacto ambiental de empresas ou industrias”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 12,5 M€ AO REFORZO DO EQUIPAMENTO DE INVESTIGACIÓN E DE INNOVACIÓN DAS UNIVERSIDADES

- Rueda resalta que a Xunta “incrementa nun 35% estas achegas” para dotar aos campus dos mellores recursos
- Salienta que a Universidade de Santiago recibirá 5,1 M€, a Universidade de Vigo contará con 4 M€ e a Universidade da Coruña con 3,4 M€, o que supón 3,3 M€ máis que o pasado ano
- Co obxectivo de mellorar os recursos innovadores destinados aos estudos de grao e mestrado, adquiriranse licenzas de software, simuladores ou equipos informáticos
- Dotaranse os centros de investigación e servizos centrais de material para facilitar a súa actividade, incluíndo equipamento altamente especializado
- Contarán con equipamento, como un sistema compacto de microscopia, un escáner láser para brazo de medición, cámaras de calor ou brazos robóticos, entre outros
- Antes de que remate o ano vaise habilitar unha plataforma para que os centros de investigación poidan compartir equipos científico-técnicos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello “acordou incrementar nun 35% as achegas ás tres universidades galegas para reforzar o equipamento de investigación”. En concreto, o Goberno autonómico destinará este ano máis de 12,5 M€ a esta liña de actuación, o que supón 3,3 M€ máis que o convenio do pasado ano. Segundo explicou, a Universidade de Santiago recibirá 5,1 M€, a Universidade de Vigo contará con 4 M€ e a Universidade da Coruña con 3,4 M€.

Así mesmo, antes de que finalice o ano estará dispoñible unha plataforma para que os centros de investigación galegos poidan compartir equipos científico-técnicos, o que se traducirá na práctica nun mellor aproveitamento de sinerxías para un maior impacto dos proxectos de innovación e investigación que desenvolven. A través da web, os centros de investigación poderán intercambiar recursos, posibilitando un maior acceso a todo tipo de materiais para os diferentes axentes da I+D+i galega. O obxectivo final é avanzar nunha estratexia que permita a xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), para a súa vertebración e posta en valor.

Isto é unha das finalidades do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, que busca a coordinación dos membros do sistema de I+D+i e dos recursos dispoñibles, así como acadar unha maior eficiencia e impacto das accións impulsadas desde a Administración para o impulso da investigación, a transferencia e a innovación en Galicia. Ademais, isto supón un reforzo da actividade da Rede CIGUS, composta polos 10 centros de investigación universitarios máis excelentes da Comunidade.

Equipamento e recursos dixitais

O primeiro bloque do acordo céntrase no reforzo dos recursos innovadores destinados aos estudos de grao e mestrado. Trátase, en concreto, da adquisición de equipamento científico e instrumentación avanzada, acondicionamento e dixitalización de espazos educativos, acceso a recursos dixitais e a conformación de plataformas de coñecemento

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e divulgación que lles permitan aos estudantes e docentes manterse á fronte do desenvolvemento tecnolóxico e adquirir as competencias necesarias a través dos seus estudos universitarios.

A través destes convenios, poderán acceder a licenzas de software, recursos bibliográficos, plataformas de coñecemento, así como á adquisición de equipamentos informáticos, simuladores ou material de todo tipo para os laboratorios dos estudos de grao e mestrado.

Inclúese, tamén, equipamento e infraestruturas con destino aos tres campus de especialización acreditados pola Xunta de Galicia (Campus Industrial de Ferrol, Campus Terra de Lugo e Campus Auga de Ourense), que representarán un punto fundamental polo seu impacto no desenvolvemento das potencialidades económicas do seu contorno máis próximo.

Consolidación e cooperación dos centros de investigación

O segundo bloque do acordo centra os seus esforzos no fortalecemento das infraestruturas dos servizos centrais das universidades, así como na consolidación do equipamento dos centros da Rede CIGUS, para maximizar o impacto das súas actividades ao mesmo tempo que se impulsa o uso compartido e racional das infraestruturas científico-técnicas de Galicia.

Nesta epígrafe, os gastos subvencionables refírense a instalacións, recursos e servizos afíns utilizados pola comunidade científica para realizar investigacións nos seus ámbitos de coñecemento. Trátase de equipamento altamente especializado como un sistema compacto de microscopia, unha máquina de medida de coordenadas, un escáner láser para brazo de medición, incubadores de CO₂ ou cámaras de calor e secado, así como impresoras 3D de resina, brazos robóticos con sensores de forza nas articulacións, sistemas láser de distintas características, kits de equipamento de diferentes tipos ou bombas de mostraxe, entre outros.

A adquisición deste equipamento científico e técnico permitirá a execución de proxectos de investigación de calidade que melloren os seus resultados e o impacto económico e social, así como para o propio funcionamento e mellora dos servizos comúns e das infraestruturas de investigación existentes; polo tanto, priorízase o equipamento de última xeración que é necesario para acadar a excelencia na investigación.

Ademais, grazas á colaboración entre Xunta e as universidades, facilitarase compartir o equipamento científico-técnico con outros centros da Rede CIGUS, centros colaborativos ou centros tecnolóxicos, sen custo e baixo petición. Durante o período en que o material estea compartido, haberá un técnico á disposición para facilitar o seu uso.

Para iso, a web da Rede CIGUS contará cun espazo habilitado neste último trimestre do ano, en que os centros de investigación poden detallar o seu equipamento, cunha pequena descrición e un contacto para que poidan solicitar o seu préstamo temporal tanto outros centros de investigación como os centros tecnolóxicos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA O NOVO CESGA PROXECTO ESTRATÉXICO DE INVESTIGACIÓN PÚBLICA DE GALICIA E AXILIZA A SÚA CONSTRUCCIÓN

- Esta nova figura administrativa permite acelerar e simplificar ao máximo trámites e prazos para que o edificio estea rematado no verán de 2026
- Cun investimento de 56M€, o edificio terá novos equipamentos de vangarda, complementados pola concesión da Fábrica de IA, cun orzamento de 82M€
- O Goberno galego impulsa así o liderado da Comunidade en supercomputación, tecnoloxías cuánticas e intelixencia artificial

A construción do novo edificio do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) converteuse hoxe no primeiro proxecto estratéxico de investigación de iniciativa pública de Galicia tras a súa aprobación no Consello da Xunta. Esta nova figura, creada polo propio Goberno autonómico, permite axilizar o proceso e simplificar os trámites administrativos para facer realidade o edificio do Cesga no verán 2026, acelerando así o liderado de Galicia en supercomputación e tecnoloxías cuánticas.

Para a declaración de proxecto estratéxico foi necesario que este estivese en exposición pública, o que se resolveu sen ningunha alegación o pasado mes de setembro e con todos os informes pertinentes favorables. Deste xeito, poderase avanzar de forma inmediata na tramitación técnica e administrativa das obras e instalacións, garantindo a súa execución dentro dos prazos fixados. Ademais, a consideración de proxecto estratéxico implica a tramitación preferente e urxente, a prevalencia sobre o planeamento urbanístico, a exención de licenza municipal e a coordinación interadministrativa.

Con esta medida, a Xunta posibilitará que se reforce a posición de Galicia na vangarda tecnolóxica europea, mellorar a competitividade da I+D+i e o impulso da cooperación entre investigación e tecido empresarial, equiparando así a nosa comunidade ás principais rexións innovadoras de Europa.

Este crecemento acentúase aínda máis coa concesión da Fábrica de intelixencia artificial *1HealthAI*, que se instalará no novo edificio do Cesga. Galicia vén de conseguir unha das seis novas fábricas europeas de intelixencia artificial que, cun orzamento de 82M€, estará centrada no ámbito da saúde humana, animal e ambiental, o que sitúa Galicia na elite na área da intelixencia artificial e en ámbitos como a biotecnoloxía. Con estes novos equipamentos dáselles un impulso á atracción de máis investimentos nacionais e internacionais e ao fomento da innovación, internacionalización e competitividade.

Obra e equipamentos

Agora está previsto que nos vindeiros días comece a construción do edificio cun investimento de 13M€, localizado no polígono da Sionlla. Concretamente, levantarase nunha parcela de máis de 9.100 m² en que se actuará sobre 5.900 m², dos cales o edificio contará con 2.700 m² e os exteriores do centro con 3.250 m².

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á dotación de equipamentos, o novo Cesga albergará o novo supercomputador Finisterrae IV, un sistema de almacenamento e un computador cuántico que contan cun orzamento de 34M€. No caso do supercomputador, proporcionará unha potencia adicional para cubrir necesidades de intelixencia artificial, mentres que a ampliación do almacenamento posibilitará albergar gran cantidade de datos de modo permanente. O novo computador cuántico, neste caso, suporá darlle ao Cesga novas capacidades e completar a súa oferta actual.

Cun investimento total de 56M€, o novo Cesga será complementario á actual sede situada no campus universitario de Santiago de Compostela e suporá un importante incremento da capacidade de cálculo e almacenamento científico, reforzado agora pola Fábrica de IA. Deste xeito, este centro mixto da Xunta e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) seguirá mellorando os servizos que presta e que redundan nunha mellora da calidade de vida dos galegos, contribuíndo a fortalecer e ampliar as colaboracións que o centro mantén con empresas tractoras de diversos sectores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PLANTA DE PRODUCCIÓN DE CARBÓN VEXETAL QUE SE SITUARÁ EN DUMBRÍA, APROBADA COMO TERCEIRO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DE GALICIA

- O proxecto representa un investimento de 22,8 M€ e a creación de 15 empregos directos e outros tantos indirectos, e contribuirá á descarbonización do proceso produtivo da planta de fabricación de ferrosilicio próxima ao encoro da Fervenza, ao permitir a substitución de 15.000 toneladas anuais de carbón mineral
- A iniciativa, impulsada por Xeal, súmase á da planta de produción de metanol verde de Triskelion en Mugardos e á de manipulación e envasado de peixe de Stolt Sea Farm en Rianxo, que tamén completaron a tramitación

O Consello da Xunta aprobou hoxe como proxecto industrial estratéxico a planta de fabricación de carbón vexetal promovido por Xallas Electricidad y Alegaciones, S.A.U. (Xeal) no municipio coruñés de Dumbría. Trátase da terceira iniciativa aprobada polo Goberno galego logo de completarse a tramitación desta figura que permite axilizar os tempos pero mantendo todas as garantías legais e ambientais. Permitirá a creación de 15 postos de traballo directos e 15 indirectos grazas a un investimento de 21,6 millóns de euros.

O proxecto é un claro exemplo de transición cara a unha economía baixa en carbono, xa que posibilitará a substitución de 15.000 toneladas anuais de carbón mineral, que é unha das materias primas necesarias xunto ao cuarzo, coque, madeira, fundentes e proporcionador de ferro, por carbón vexetal a partir dun proceso de redución da madeira.

Para iso, Xeal construírá, xunto á planta de fabricación de ferrosilicio situada en Dumbría, unha nova nave para o almacenamento da madeira, que contará cunha planta de tronzado e catro secadoiros estáticos, que funcionarán mediante un sistema de quecemento da auga aproveitando a calor residual dos fornos de ferrosilicio das instalacións anexas. E unha vez que a madeira acade os valores de humidade requiridos, pasará a un dos 14 fornos de produción de carbón con que vai contar a nova planta, que disporán dunha capacidade nominal de 1.000 toneladas anuais. Logo do proceso de conversión, o carbón vexetal resultante será arrefriado antes do seu envío aos silos de materias primas, onde se incorporará ao proceso de fabricación de ferroalixaxes.

A planta de produción de carbón vexetal de Dumbría tamén prevé a instalación dun novo centro de transformación, mentres que aproveitará a acometida eléctrica e a rede de baixa tensión con que contan as instalacións para a produción de ferroalixaxes. E, en canto á subministración de auga, realizarase desde a rede que abastece as instalacións actuais.

A empresa Xallas Electricidad y Aleaciones, S.A.U. dedícase desde 1992 á produción e distribución de ferroalixaxes en forno eléctrico, así como á produción de enerxía hidroeléctrica a través da explotación de 10 centrais en réxime concesional. Conta con dúas plantas de explotación, unha en Cee e outra en Dumbría, que é onde se vai situar a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nova planta de fabricación de carbón vexetal. A capacidade de produción é de 189.000 toneladas anuais de ferrosilicio, máis de 17.000 toneladas de microsílíce e 7.000 toneladas de pasta.

A planta de produción de carbón vexetal cumpre cos requisitos para ser declarada proxecto industrial estratéxico. Cómpre salientar que os ditos requisitos se modificaron co fin de facilitar, aínda máis, o asentamento de novas industrias na Comunidade galega, de maneira que aqueles proxectos cuxo importe supere os 2 millóns de euros e promova a creación de 25 empregos, entre directos e indirectos, poden ser declarados proxectos industriais estratéxicos sempre que teñan unha repercusión salientable na industria galega.

Esta iniciativa enmárcase na filosofía do Goberno galego por axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, da creación de emprego. Ademais, inclúese no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023 de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2024.

A futura planta de produción de carbón vexetal é o terceiro proxecto industrial aprobado como estratéxico polo Goberno galego e súmase á planta de produción de metanol verde de Triskelion en Mugardos e á de manipulación e envasado de peixe de Solt Sea Farm en Rianxo. Ademais, Galicia conta na actualidade con 15 iniciativas declaradas como proxecto industrial estratéxico, entre as cales están a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center; a factoría de biometano impulsada por Norbiogas Biometanol no polígono industrial de Curtis; a nova planta de produtos do mar conxelados de Congalsa, na Pobra do Caramiñal (A Coruña) ou a ampliación da fábrica de Urovesa en Valga, entre outros. Os PIE declarados e os aprobados, 18 en total, suman unha mobilización global de preto de 3.000 millóns de euros (2.921,35M€) e máis de 4.600 postos de traballo (4.629).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN ACORDO MARCO PARA RENOVAR OS ORDENADORES DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS NOS VINDEIROS TRES ANOS

- Prevé un investimento de ata 30 millóns de euros para dotar os centros de 10.000 ordenadores de sobremesa, 10.000 portátiles e 28.000 ultraportátiles
- O programa Abalar-E-Dixgal dotou os centros educativos públicos de Galicia con cerca de 100.000 ordenadores ata agora
- Os novos equipos consolidan e manteñen actualizado o modelo en que o 100% do sistema educativo público conta con equipamento dixital

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou hoxe a licitación dun acordo marco co obxectivo de cubrir as necesidades de ordenadores dos centros educativos públicos nos vindeiros tres anos, cun valor estimado de 29,4 millóns de euros.

O acordo marco permitirá cubrir, a través de contratos derivados, as necesidades de ordenadores dos centros educativos de Galicia nos vindeiros tres anos, para cumprir cos obxectivos dos proxectos Abalar e E-Dixgal. Este acordo establece as condicións polas cales se lles poderán comprar ata 48.000 ordenadores ás empresa que resulten adxudicatarias para cada un dos tres lotes previstos.

Estes tres lotes están formados por ata 10.000 ordenadores de sobremesa, 10.000 ordenadores portátiles e 28.000 ordenadores ultraportátiles, destinados ás aulas, aos profesores e ao alumnado.

A contratación permitirá completar e manter actualizados os obxectivos do primeiro eixe de actuación do proxecto Abalar, que se refire á dotación de infraestruturas e equipamentos na totalidade dos centros educativos públicos de Galicia. Os outros eixes do proxecto son a formación e o fomento da cultura dixital, os contidos educativos dixitais e a participación e colaboración.

Ata o de agora, a dotación de ordenadores xestionada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dentro do programa Abalar-E-Dixgal é de 97.300 unidades. Nos dous últimos anos, ademais, instaláronse máis de 16.500 paneis interactivos para completar a dixitalización das aulas entre educación Infantil e 2º de bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

Galicia foi unha das primeiras comunidades autónomas en dispor dunha estratexia de incorporación das tecnoloxías no proceso educativo, co proxecto Abalar, que se puxo en marcha en 2010. Esta estratexia permitiu dotar todos os centros educativos públicos de equipamentos como a aula dixital, ordenadores para alumnado e profesorado ou os contidos dixitais do proxecto E-Dixgal. Un dos obxectivos do modelo é o de igualar as oportunidades entre os ámbitos rurais e urbanos. A educación dixital, ademais, proporciona coñecementos e mecanismos de defensa ante o uso non adecuado das tecnoloxías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA MELLORA DO TREITO DA LU-231 ENTRE CASTRELO E A BAIUCA, NO ENLACE COA A-54, CUN INVESTIMENTO DE 4,8 M€

- Con esta nova actuación o Goberno galego completará a mellora integral dos 18,7 quilómetros de lonxitude da estrada entre Friol e A Baiuca, que sumará en total un investimento autonómico de máis de 7,5M€
- Trátase de mellorar os outros 9,3 quilómetros de lonxitude que conforman a estrada autonómica, entre os puntos quilométricos 9+400 (Castrelo) e o 18+700 (A Baiuca, no enlace coa A-54), no termo de Palas de Rei
- Darase continuidade neste treito da LU-231 á ampliación da plataforma ata os 8 metros e mellorarase o trazado das curvas máis pronunciadas, incidindo na seguridade viaria e en proporcionar desprazamentos máis cómodos aos veciños
- A Xunta continua a avanzar no impulso do eixe Friol-Palas de Rei-Begonte, na súa aposta por infraestruturas vertebradoras e transformadoras no interior da Comunidade, favorecendo a competitividade e o desenvolvemento do medio rural

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de construción da mellora da LU-231, no treito comprendido entre Castrelo e A Baiuca, no enlace coa autovía A-54, que suporá un investimento de preto de 4,8 M€.

Este nova actuación do Goberno galego daralles continuidade ás obras xa executadas no treito inicial de 9,4 quilómetros desta vía autonómica, entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo. Con esta nova actuación, o Goberno galego completará a mellora integral dos 18,7 quilómetros de lonxitude da estrada entre Friol e A Baiuca, que sumará en total un investimento autonómico de máis de 7,5M€.

En concreto, o proxecto aprobado hoxe comprende a mellora dos outros 9,3 quilómetros de lonxitude que conforman a estrada autonómica, entre os puntos quilométricos 9+400 (Castrelo) e o 18+700 (A Baiuca, no enlace coa A-54), no termo de Palas de Rei.

Neste caso, trátase de levar tamén a cabo a ampliación da plataforma da estrada ata os 8 metros e de mellorar o trazado das curvas máis pronunciadas, con raios insuficientes, coa finalidade de darlle coherencia ao trazado. Deste xeito, a intervención nova intervención incide na seguridade viaria e en proporcionar desprazamentos máis cómodos aos veciños.

Na intervención inclúense 9 obras de drenaxe transversal e, como actuacións complementarias, a restauración vexetal dos noiros de contornos fluviais, onde se sitúan as obras de drenaxe transversal mediante o estendido de terra vexetal (obtida da propia obra) e a plantación de especies leñosas autóctonas.

Tamén se reporán os firmes e pavimentos, se incorporarán as medidas de sinalización e balizamento necesarias para a seguridade viaria e se restituirán os servizos que resulten afectados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A aprobación definitiva deste proxecto no Consello da Xunta comporta tamén a declaración de utilidade pública, polo que se dispón a urxente ocupación dos 235 predios necesarios para executar esta intervención.

Os orzamentos da Xunta deste ano reservan xa 2M€ para este eixe Friol-Palas de Rei-Begonte, que suporá unha mellora que permitirá conformar, xunto coa estrada provincial LU-P-1611, un eixe norte-sur de mobilidade con prestacións axeitadas entre a A-54 en Palas de Rei a A-6 en Begonte, nun punto próximo ao enlace coa A-8, favorecendo a competitividade.

O Goberno galego segue a amosar a súa aposta por infraestruturas vertebradoras e transformadoras no interior da Comunidade, que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo ao tempo o desenvolvemento do medio rural.

Plano de situación do treito obxecto do proxecto de construción aprobado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA ALERTA ESCOLAR DO 061 ATENDE MÁIS DE 9.000 NENOS CON ALERXIAS, DIABETES OU EPILEPSIA

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o balance do programa posto en marcha en 2007
- En particular, 5.318 nenos do programa teñen alerxias, 1.779 están diagnosticados como epilépticos, 781 son diabéticos, 146 teñen asma e 1.170 sofren outras patoloxías
- Este programa permite dispor dunha base de datos na cal, cunha chamada ao 061, o neno é identificado inmediatamente, o que permite acceder á medicación que debe ser administrada no caso de urxencia ou emerxencia sanitarias

O programa Alerta Escolar, coordinado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, atende máis de 9.000 nenos en idade escolar que sofren patoloxías crónicas na Comunidade galega.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre este programa que se implantou en Galicia no ano 2007, como resultado dun acordo de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Sanidade.

O programa trata de facilitar a atención inmediata e eficiente dos nenos que sofren alerxias a algunha substancia (xeralmente alimentaria), diabetes e epilepsia, entre outras patoloxías, susceptibles de desencadear crises agudas potencialmente mortais.

Dos inscritos no programa Alerta Escolar, 5.318 nenos teñen alerxias, 1.779 foron diagnosticados como epilépticos, 781 son diabéticos, 146 teñen asma e o resto sofren outras patoloxías.

Respecto á distribución por provincias, o 46 % dos inscritos no programa Alerta Escolar están na Coruña, o 37 % na provincia de Pontevedra, o 9 % en Lugo e o 8 % en Ourense.

O programa Alerta Escolar rexistrou un importante número de nenos inscritos nos últimos anos. No ano 2022 rexistráronse 1.279 nenos; en 2023 foron 1.356; en 2024 rexistráronse 1.257; e desde xaneiro ata outubro de 2025 foron 1.130 as novas inscricións.

Identificación inmediata

Todos os nenos inscritos no Programa Alerta Escolar están rexistrados nunha base de datos que, no caso de chamar ao 061, inmediatamente os identifica e permite acceder aos datos clínicos do paciente. Ademais, permite coñecer a medicación que debe ser administrada se o neno se encontra nunha situación de urxencia ou emerxencia sanitaria.

O programa Alerta Escolar realízase en colaboración cos centros educativos de toda a Comunidade que contan cun rexistro dos nenos que sofren estas patoloxías e gardan a medicación prescrita. En caso de necesidade, os profesores responsables do programa no centro póñense en contacto cos sanitarios da Central de Coordinación de Urxencias

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sanitarias de Galicia-061 para coordinar a asistencia destes nenos de acordo coa situación.

Como inscribirse no programa

A inscrición no programa Alerta Escolar realízase desde os centros educativos, que son os encargados de dar de alta o alumnado a través dun formulario en liña, logo de solicitude dos pais. A partir do momento da alta do alumno, a Fundación Pública 061 contacta co centro para darlle as instrucións precisas sobre os pasos que cómpre seguir en caso de urxencia e a conservación da medicación correspondente.

A coordinación entre o profesorado e o persoal sanitario é un dos eixes fundamentais deste programa. Os centros que o soliciten poden acceder a cursos de formación sanitaria, a través dos centros de formación do profesorado, que permiten que os profesores recoñezan aquelas situacións de emerxencia en que é necesario pórse en contacto coa Central de Coordinación do 061.

Estes cursos proporcionan os coñecementos necesarios para prestar unha primeira atención sanitaria cando un neno sufra unha situación de crise aguda, mentres esperan a chegada dos recursos asistenciais de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DOTA CON 430.000 € AS AXUDAS ÁS SALAS PRIVADAS DE ARTES ESCÉNICAS PARA O BIENIO 2026-2027

- O Consello autoriza as bases desta convocatoria, que pasa de ser anual a bienal para atender as necesidades de estabilidade financeira a medio prazo dos pequenos espazos de exhibición de espectáculos escénicos de xestión privada
- Coa súa próxima publicación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude abrirá o programa de subvencións autonómicas ás industrias culturais galegas para 2026

O Consello da Xunta de Galicia deulles hoxe luz verde ás bases das subvencións para salas de artes escénicas de titularidade privada, que pasan a xestionarse bienalmente, de xeito que a súa próxima convocatoria contará cunha dotación de 430.000 euros, distribuídos ao 50% entre 2026 e 2027.

Con esta novidade, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude busca respostas ás necesidades trasladadas polas propias salas no sentido de lles ofrecer un horizonte plurianual de apoio que lles permita planificar e desenvolver os seus proxectos a medio prazo cunha maior seguridade financeira.

Poden optar a elas salas escénicas de xestión privada, cunha capacidade máxima de 150 localidades e que teñan acreditada a realización dun mínimo de 50 representacións no ano 2025, entre outros requisitos.

Subvencións de ata 75.000 euros por anualidade

Cada unha das entidades beneficiarias poderá obter unha axuda máxima de 75.000 euros por cada anualidade, cun límite do 75% do gasto subvencionable. A contía recibida destinarase a gastos vinculados á contratación de espectáculos, servizos técnicos e auxiliares asociados, dereitos de autor, contratación de persoal, comunicación e publicidade, ademais de ata o 20% dos custos indirectos como alugueiros, subministracións ou gastos correntes.

A súa concesión realizarase en réxime de concorrência competitiva a partir da avaliación dunha comisión, que terá en conta criterios como a antigüidade da empresa, a capacidade do local e a súa pertenza á Rede galega de salas en 2025. O proxecto de programación, con aspectos como o número de funcións ou a contratación de compañías galegas, son outras das cuestións que se valorarán, así como os plans de financiamento, de comunicación ou de creación de públicos.

Os espazos vigueses Sala Ártika e Teatro Ensalle e os coruñeses Teatro del Andamio e Sala Gurugú son desde 2020 os catro adxudicatarios destas axudas, en virtude das cales integran a Rede galega de salas, un dos circuitos de artes escénicas promovidos pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Con estas subvencións, a Xunta de Galicia contribúe a garantir a estabilidade do funcionamento destas salas, que destacan polo seu labor a prol da creación de públicos e como dinamizadoras culturais. Ademais, xogan un destacado papel á hora de aumentar as posibilidades de contratación das compañías

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

galegas, en especial das formacións de recente creación e das que apostan polas tendencias máis contemporáneas ou por públicos específicos, como o familiar.

Coa súa próxima convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, porase xa en marcha o programa anual de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, para 2026, nos sectores profesionais das artes escénicas, a música e o audiovisual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA O PAGAMENTO DAS AXUDAS DA ÚLTIMA ÉPOCA DE CIRCULACIÓN DO VECTOR TRANSMISOR DA EHE QUE BENEFICIAN A MÁIS DE 2.600 GANDEIROS

- O Consello aprobou hoxe a resolución cos pagamentos por importe total de máis de 96.000 euros a outros 70 gandeiros beneficiados, que declarasen a enfermidade e/ou obtivesen os correspondentes resultados analíticos despois do 5 de decembro de 2024 ou tivesen mortes despois desa data
- Estas achegas súmanse ás xa realizadas con anterioridade, co que o número total de beneficiarios ascende aos 2.629 e o investimento global realizado pasa dos 5,32 millóns de euros
- Con esta medida de apoio compénsase a morte de bovinos a causa desta enfermidade, pero tamén os custos dos tratamentos veterinarios para os animais afectados, así como os desinsectantes de gando e das instalacións
- Realizouse tamén un estudo de prevalencia no gando e constatouse que en máis do 80 % das explotacións existe unha alta protección inmunitaria fronte á enfermidade

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a resolución da Consellería do Medio Rural, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, referente aos pagamentos correspondentes á última época de circulación do vector transmisor da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE). Así, faranse efectivos os pagamentos por importe total de máis de 96.000 euros a outros 70 gandeiros beneficiados, que declarasen a doenza e/ou obtivesen os correspondentes resultados analíticos con posterioridade ao 5 de decembro de 2024, ou que sufrisen mortes pola enfermidade despois desa data. Cómpre aclarar que a maior parte do orzamento destas axudas xa se executou con anterioridade.

Neste sentido, as axudas concedidas ata o de agora corresponderon aos afectados que declarasen a enfermidade e obtivesen os resultados desde a chegada desta doenza a Galicia en 2023 ata a referida data. En concreto, en xuño deste ano pagáronselles máis de cinco millóns de euros a 5.559 gandeiros. Polo tanto, con esta nova resolución o número global de beneficiarios sitúase en 2.629, cunha achega total que supera os 5,32 millóns de euros, financiados tanto pola Administración autonómica como polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Deste xeito, complétase o pagamento correspondente á última época de circulación do vector transmisor da doenza, que non estivo presente en Galicia desde o comezo do seu período de actividade neste 2025. Neste sentido, cómpre explicar que esta enfermidade aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. Hai, polo tanto, un período de posible afectación dos animais (aproximadamente de abril a decembro), e outro nos meses de inverno, nos cales, ao non existir circulación do vector, non existe posibilidade de infección nos animais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Protección inmunitaria do gando

O Goberno autonómico levou a cabo tamén un estudo de prevalencia no gando galego, no cal se tomaron mostras en máis de 3.000 animais de 315 granxas elixidas ao chou, e nel constatouse que en máis do 80 % das explotacións existe unha alta protección inmunitaria fronte á enfermidade.

A maiores, ao analizar o estudo da prevalencia intra-rabaño, no cal se tomaron mostras en explotacións afectadas directamente pola enfermidade, tamén se confirma que nos rabaños afectados existe unha alta protección inmunitaria, moi alta nas explotacións de carne (do 75%) e menor nas de leite (próxima ao 50%).

As axudas máis ambiciosas de toda España

As contías por animal falecido para os beneficiarios oscilan entre os 400 euros por bovino menor de 4 meses e os 1.600 euros para aqueles de idade maior ou igual a 18 meses e menor de 120. A maiores, concedéronse achegas para financiar tratamentos veterinarios e desinsectantes de animais e instalacións, cunhas contías de 100 euros por animal afectado, no caso dos tratamentos, e de 20 euros por animal censado na explotación, ata un máximo de 4.000 euros por granxa, nos desinsectantes. Estas contías confirman que Galicia puxo en marcha o paquete de axudas máis ambicioso de toda España.

Estas subvencións foron directas, polo que permitiron reducir a carga burocrática para os gandeiros, xa que os titulares das explotacións só presentaron unha aceptación da axuda sen necesidade de xuntar ningunha outra documentación.

A EHE é unha enfermidade infecciosa, pero non contaxiosa, producida por un virus que se transmite aos animais exclusivamente a través da picada de mosquitos do xénero *Culicoides, spp.* Dada a vía de transmisión, esta doenza aparece mentres exista o mosquito vector circulando no ambiente. A única vía de contaxio nos animais é a través da picada dos mosquitos transmisores, polo que non é posible a transmisión directa ou indirecta entre eles. Ademais, esta doenza non afecta as persoas, que non poden enfermarse nin pola picada do mosquito transmisor, por contacto con animais infectados, nin polo consumo de produtos de orixe animal (carne, leite...) destes animais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE VIGO REFORZAN A SÚA COLABORACIÓN PARA MELLORAR, CO AVAL DA CIENCIA, A XESTIÓN DA MEXILLA NO LITORAL GALEGO

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre ambas as entidades que permitirá seguir a executar o estudo de identificación e marcación selectiva de larvas de mexillón
- A finalidade desta modificación é ampliar o prazo de execución dos traballos, dado que o labor de campo na recollida de mostras foi máis agresivo do esperado e requiriu material e traballo de laboratorio adicional
- A Consellería do Mar eleva o seu investimento nesta acción ata superar os 227.000 euros cofinanciados co novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) distribuídos nas anualidades 2024, 2025 e 2026

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a execución do estudo de identificación e marcación selectiva de larvas de mexillón, que permite obter información sobre a evolución do recrutamento de semente do molusco nas rochas do litoral de Galicia. Esta modificación responde á proposta da Comisión de Seguimento para cambiar as cláusulas sétima, oitava e novena do citado convenio, relativas ao financiamento, xustificación e execución.

As causas destas modificacións foron, por un lado, que o traballo de campo de recollida de mostras está a ser máis agresivo do esperado, aumentando de catro a sete puntos de recollida. Isto implicou necesariamente unha maior renovación do material empregado para elas, como mangas, medidores de profundidade e fluxómetros. Ademais, a cantidade de mostras recollidas está requirindo traballo de laboratorio adicional. Por outro lado, a obrigatoriedade de realizar determinados gastos de persoal investigador posterior ao 30 de xuño, obrigou a ampliar o período de gasto e pagamento ata o 31 de xullo de 2026; quedou como data límite para a presentación de documentación xustificativa o 31 de agosto de 2026, así como un aumento no orzamento en 10.400 euros.

Esta acción investigadora reforza o traballo impulsado polo Goberno galego neste ámbito e supón un avance na xestión da mexilla atendendo á crecente demanda deste recurso e á explotación responsable dos distintos recursos naturais. Así, a Consellería do Mar eleva o seu investimento nesta acción ata superar os 227.000 euros, cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa), distribuídos nas anualidades 2024, 2025 e 2026.

Nesta iniciativa participa o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da consellería, a quen lle corresponde a recollida das mostras para posterior envío ao laboratorio de Inmunoloxía da Universidade de Vigo. Pola súa banda, esta universidade realiza as tarefas de identificación e contaxe larvaria, así como de descrición dos estadios larvários, indicando a cantidade de larvas por unidade de volume e mostraxe e en cada un dos estadios larvários presentes nas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mostraxes. Da coordinación e interpretación dos resultados encárgase o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Vilanova de Arousa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ASINARÁ CONVENIOS CON 46 CONCELLOS POR UN IMPORTE DE 5 M€ PARA PALIAR OS DANOS OCASIONADOS POLA VAGA DE INCENDIOS FORESTAIS

- O Consello deu o visto e praxe á formalización dos acordos, que se enviarán hoxe mesmo ás respectivas administracións locais
- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que con esta liña a Xunta consolida o seu apoio “aos concellos para que reparen canto antes infraestruturas afectadas” e “aos veciños que colaboraron na extinción dos lumes”
- Cubriranse gastos de reparación en bens municipais, de limpeza e restauración ambiental e de aloxamento e mantemento da poboación evacuada ou do persoal, entre outros
- Rueda lembrou que a Xunta xa pagou axudas para vivendas, empresas ou espazos protexidos e que “polo menos o 80% das 1.700 achegas solicitadas por explotacións agrogandeiras e forestais” serán aboadas antes de que remate o ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello deu o visto e praxe a asinar convenios con 46 concellos para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais deste ano por un importe de 5 millóns de euros.

“Damos un paso máis para estar ao carón dos concellos para que poidan reparar canto antes infraestruturas afectadas polos lumes e dos veciños que colaboraron con recursos propios na extinción dos incendios”, explicou o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo. Por iso, estas achegas poderán destinarse tanto a cubrir os danos nos bens municipais como os gastos derivados das actuacións realizadas polas administracións locais e pola veciñanza que colaborou na extinción.

Dos 5 millóns consignados a través dos convenios que se asinarán próximamente, 4,1 destinaranse a investimentos e os 900.000 euros restantes a gasto corrente. Tal e como explicou Calvo, das solicitudes recibidas, 41 son para cubrir investimentos, das cales 30 recibirán o 100% do financiamento, e 38 para gasto corrente, das cales a 32 se lles cobre a totalidade do custo.

Entre os gastos que se prevé cubrir figuran obras de reparación, mantemento ou reposición das infraestruturas, equipamentos ou bens municipais afectados polos incendios, así como de adquisición de material para a reposición dos servizos afectados. Estas axudas tamén cubrirán os custos de limpeza e restauración ambiental; ou de alugueiro, combustible e reparación de maquinaria e vehículos. Ademais, financiaranse os gastos de traslado, aloxamento e mantemento da poboación evacuada ou do persoal, tanto propio como dos efectivos do operativo de extinción, que o concello tivese que asumir.

A maior parte dos concellos beneficiarios son da provincia de Ourense, con 35. A maiores, tres son da Coruña, outros tres son de Lugo e cinco de Pontevedra.

A medida forma parte do paquete de medidas aprobado a finais de agosto por un Consello extraordinario da Xunta para impulsar a reconstrución das zonas afectadas en Galicia pola vaga de lumes forestais deste ano. Nesta liña, Rueda lembrou que a Xunta

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xa ten concedidas e pagadas axudas en materia de vivendas, a empresas ou para a recuperación de espazos protexidos. "E temos o compromiso de aboar polo menos o 80% das 1.700 acudas solicitadas para explotacións agrogandeiras e forestais antes de que remate o ano", indicou.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A TODA GALICIA O PROGRAMA PILOTO DE CRIBADO DE CANCRO DE PULMÓN, TRAS O ÉXITO DUNHA PRIMEIRA FASE NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- A fase inicial do programa piloto, desenvolvida no centro de saúde do Ventorrillo da Coruña, converteu Galicia na primeira comunidade en testar a detección precoz do cancro de pulmón
- O obxectivo da ampliación é contrastar a eficacia e o impacto real deste cribado a partir dunha mostra representativa de todo o territorio da Comunidade e da participación real dos candidatos que reúnen os requisitos
- A Consellería de Sanidade comezará este mes a enviar os primeiros SMS para convidar 48.000 persoas a cubrir a enquisa de participación
- O Executivo galego destinará unha partida de 60.405 euros á ampliación do programa piloto LUNG-GAL
- Coa iniciativa preténdese a detección de cancros de pulmón en estadios iniciais, a mellora das taxas de supervivencia, o acceso equitativo ao cribado en todas as zonas da Comunidade e o reforzo da prevención primaria fronte ao tabaquismo

A Xunta amplía o programa piloto de cribado de cancro de pulmón a toda Galicia, tras o éxito do programa piloto realizado na Área Sanitaria da Coruña e Cee.

O Consello da Xunta abordou esta mañá un informe en relación coa ampliación, unha decisión que se toma tras avaliar e constatar o éxito do programa piloto levado a cabo. O obxectivo é contrastar a eficacia e o impacto real deste cribado a partir dunha mostra representativa de todo o territorio da Comunidade e con datos de participación real dos candidatos que reúnen os requisitos.

Así, tras avaliar os resultados do programa piloto implementado no centro de saúde do Ventorrillo, o Executivo galego estenderá o proxecto LUNG-GAL a toda a Comunidade co obxectivo de confirmar a eficacia e o impacto real do cribado de cancro de pulmón.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, comezará este mesmo mes de outubro a enviar os primeiros SMS de invitación para completar unhas enquisas que lle permitirán identificar os candidatos que van participar neste proxecto.

A Xunta convidará 48.660 persoas de entre 55 e 74 anos a responder unha breve enquisa para coñecer se son fumadoras ou exfumadoras (con menos de 10 anos de abstinencia) e se contan cunha exposición tabáquica de ≥ 20 paquetes/ano.

O departamento sanitario galego considera que arredor de 14.598 persoas responderán á enquisa. Así, esta cifra permitiría dispor dunha mostra representativa tanto de zonas urbanas como rurais, de costa e de interior, ademais de poder avaliar a porcentaxe e a participación real dos cidadáns que reúnen os criterios establecidos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dotada cunha partida de 60.405 euros, a ampliación da pilotaxe permitirá avaliar a eficacia clínica do cribado de cancro de pulmón mediante tomografía computerizada de baixa dose (TCBD), o impacto asistencial e de recursos que tería no sistema público, así como o nivel de factibilidade (viabilidade e custo-efectividade) para a súa posible inclusión na carteira de servizos no futuro.

Os obxectivos principais deste programa piloto son a detección de cancros de pulmón en estadios iniciais, a mellora das taxas de supervivencia, o acceso equitativo ao cribado en todas as zonas da Comunidade galega e o reforzo da prevención primaria fronte ao tabaquismo.

Funcionamento e participación no cribado de pulmón

Para a súa posta en marcha, a Consellería de Sanidade enviará un total de 48.660 invitacións (vía SMS) a usuarios dos sistema sanitario público galego con idades comprendidas entre os 55 e os 74 anos. Mediante estas mensaxes, as persoas convidadas poderán acceder á información do proxecto piloto e tamén cubrir a enquisa coa que se determinará a súa idoneidade para participar no programa.

A Xunta espera poder contar con 14.598 participantes que respondan á dita enquisa, tanto fumadores como non fumadores. Entre os fumadores ou exfumadores haberá unha parte que cumpran cos criterios de inclusión e serán invitados a participar neste cribado de cancro de pulmón LUNG-GAL.

A seguir, aqueles que acepten participar serán citados para a realización dunha tomografía computerizada de baixa dose, nalgúns dos hospitais de referencia das sete áreas sanitarias galegas. A previsión é que estas probas tomográficas se realicen durante o primeiro semestre de 2026.

A ampliación da pilotaxe a nivel autonómico garantirá unha avaliación sólida, dentro do marco dun programa de investigación que xa situou Galicia como a primeira comunidade autónoma que testou a detección precoz do cancro de pulmón.

O cribado no Ventorrillo, unha pilotaxe de éxito e pioneira

No ano 2024, a Consellería de Sanidade puxo en marcha o primeiro piloto estatal (LUNG-GAL) no centro de saúde do Ventorrillo (A Coruña), cuxos destinatarios foron as persoas de 55 a 74 anos -fumadoras ou exfumadoras- e cunha carga tabáquica elevada.

A pilotaxe realizada contou cunha taxa de participación moi alta, do 72,2 %, e das preto de 400 persoas que cumprían cos criterios establecidos e que foron invitadas a participar no proxecto, 273 acudiron á realización dos TAC de baixa dose.

Esta probas permitiron clasificar o 7,4 % dos casos como sospeitosos con indicación de derivación a vía rápida de cancro de pulmón, e tamén a detección de 5 casos de cancro de pulmón confirmados (60 % en fase inicial). Así mesmo, a realización destas probas posibilitou diferentes achados clínicos adicionais en preto dun terzo das persoas cribadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O pasado ano, un total de 3.080 persoas foron tratadas polo sistema sanitario público galego para deixar de fumar.

Detectar as enfermidades oncolóxicas nas fases iniciais aumenta de maneira decisiva as posibilidades de supervivencia e os tratamentos curativos dispoñibles.

A Xunta mantén o seu compromiso na loita contra o cancro ampliando os recursos de prevención, diagnóstico e tratamento do sistema sanitario público galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CELEBRARÁ A GALA DE XUVENTUDE CREA 2025 O 19 DE DECEMBRO TRAS A INSCRICIÓN DE 600 PERSOAS

- O Consello avalía a décimo sexta edición dun certame que supón un escaparate para visibilizar o talento da mocidade en diversos eidos, con 16 categorías en total
- A iniciativa da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude suma desde o seu comezo preto de 6.000 participantes e máis de 4.000 obras presentadas
- Tamén se segue a apostar polas novidades introducidas o ano pasado, abrindo a proposta aos galegos do exterior, incorporando máis modalidades e fortalecendo a proxección cara ao mundo profesional

A Xunta de Galicia celebrará o 19 de decembro a entrega dos premios dunha nova edición do Xuventude Crea, que este ano segue a consolidar a súa alta participación, volvendo rexistrar ao redor de 600 persoas inscritas. Así se deu conta no informe avaliado hoxe polo Consello, no cal se reflicte que a iniciativa continúa na senda iniciada en 2024 cando se produciu un punto de inflexión cun grande aumento de solicitudes que a sitúan como un referente artístico e cultural.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude segue a apostar por un certame que busca estimular a imaxinación, a creatividade e a innovación, así como impulsar e visibilizar o talento da mocidade galega e actuar como estímulo económico e como plataforma de lanzamento profesional. Pola súa vez, tamén pretende fomentar o lecer creativo e saudable entre a xente moza e promover a diversidade artística e cultural a través de moi variadas disciplinas, 16 en total.

A iniciativa chega este ano á súa décimo sexta edición, pois é un programa consolidado e con moi boa reputación no eido cultural e artístico galego. Por el terán pasado, coa participación neste 2025, algo máis de 6.000 mozos e mozas, con máis de 4.000 obras e proxectos creativos, e teranse repartido 700 premios cunha dotación que se aproxima a 1M€ en total. Nesta edición, por cada categoría, ademais das vantaxes descritas, os premios económicos serán de 2.000€ para o gañador de cada modalidade, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro.

Cómpre lembrar que se trata dunha iniciativa dirixida á mocidade non profesional que desenvolva a súa actividade artística en Galicia (estendida aos galegos residentes no exterior), con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Xuventude Crea 2025 consolida así un modelo de programa cultural xuvenil moderno, transversal e con vocación de continuidade no cal se fomentan non só a creatividade, senón a formación, a profesionalización e a proxección da mocidade galega.

Colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Aos obxectivos do certame hai que sumarlle o fomento da transversalidade nas políticas xuvenís e culturais da Xunta, no cal se puxo o foco desde o ano pasado en coordinación con distintos departamentos da Administración autonómica. É o caso da apertura do certame aos mozos galegos residentes no exterior, unha medida que, tras a súa boa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acollida, se mantén activa co apoio da Secretaría Xeral de Emigración e do seu programa Estratexia Galicia Retorna. Desta maneira, nesta edición preténdese consolidar esta vía de participación como ferramenta para reconectar coa diáspora e fortalecer o sentimento de pertenza das xeracións máis novas nadas fóra de Galicia.

Así mesmo, este ano consolídase o programa posto en marcha o ano pasado para ampliar o alcance do certame e reforzar a profesionalización dos participantes. Trátase dun conxunto de obradoiros, acompañamento e asesoramento en colaboración coa Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego. A través desta proposta, ofrécense ás persoas premiadas a oportunidade de definir un modelo de negocio sólido ao redor do seu proxecto, favorecendo a súa inserción no tecido creativo e promovendo o autoemprego xuvenil vencellado á cultura.

Ademais, afóndase na liña de facilitar que os proxectos premiados teñan continuidade fóra do propio certame, ofrecendo visibilidade real e oportunidades a través da súa integración en programacións culturais recoñecidas.

Tamén se segue a apostar este ano por dúas seccións diferenciadas dentro da especialidade de teatro, debido aos bos resultados desta novidade incorporada en 2024. Así, de novo, cóntase coa sección *Amador*, na cal participarán grupos de teatro xuvenís vinculados a centros de educación secundaria, grupos de teatro amadores ou escolas municipais, entre outros. Por outra banda, a sección *Pro* está destinada para compañías de nova creación, profesionais emerxentes, grupos formados por alumnado ou egresados da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Neste último, o Centro Dramático Galego poderá apoiar as persoas ou compañías gañadoras impulsando o lanzamento do seu proxecto artístico, fortalecendo o ecosistema teatral galego e facilitando a transición do ámbito formativo ao profesional.

Neste sentido, no que ten que ver coas categorías, Xuventude Crea 2025 estableceu de novo 16 disciplinas, tras a incorporación na edición pasada da modalidade de DJ e creación de contido. O certame complétase coas especialidades de artes plásticas, fotografía, moda, deseño de xoias, arte urbana, música, cociña, videocreación, banda deseñada, novela curta, creación de videoxogos, poesía e danza.

Celebración de varias finais

A programación inclúe, antes da gala final que terá lugar o 19 de decembro na Cidade da Cultura, varias finais por categorías: a de teatro será no Salón Teatro, desde o 28 de outubro ao 1 de novembro; a de videocreación no auditorio da Biblioteca de Galicia, o 19 de novembro; a de banda deseñada, novela curta e poesía na Cidade da Cultura, o 29 de novembro; a de cociña na Praza de Abastos, o 20 de novembro; a de música e danza no Gaiás, os días 28 e 29 de novembro, respectivamente; a de arte urbana nos túneles da Cidade da Cultura, o 29 de novembro, e a de DJ está prevista na Sala Pelicano da Coruña. Así mesmo, as obras finalistas de artes plásticas e fotografía estarán expostas na igrexa da Universidade de Santiago de Compostela desde o 11 de decembro ata o 7 de xaneiro de 2026, mentres que as pezas de moda e deseño de xoias tamén se exhibirán no mesmo lugar desde o 18 de novembro ata o 5 de decembro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOVE A PARTICIPACIÓN DA MOCIDADE EN ACTIVIDADES SOLIDARIAS E INTERCULTURAIS CON 2,2 M€

- O Consello avalía os resultados dos programas Erasmus+ Xuventude e Corpo Europeo de Solidariedade, que só este ano impulsan 66 proxectos
- Entre as iniciativas inclúense actividades sobre saúde mental, cursos de formación, seminarios ou visitas

A Xunta de Galicia promove a participación da mocidade en actividades solidarias e interculturais que acadan unha cifra récord de financiamento de máis de 2,2 millóns de euros. O Consello fixo hoxe balance sobre a participación da Comunidade nos programas Erasmus+ Xuventude e Corpo Europeo de Solidariedade, que só neste ano impulsaron 66 proxectos.

Así, neste 2025, no marco do Erasmus+ Xuventude financiáronse 45 proxectos con máis de 1,6 millóns de euros. Esta iniciativa representa unha oportunidade única para que a mocidade amplíe a súa formación nun contexto internacional, adquirindo experiencia profesional nun contorno laboral real. Cómpre destacar que este programa busca fomentar a conexión e o diálogo intercultural mediante intercambios xuvenís ou proxectos como o DiscoverEU Inclusión, que ofrece a posibilidade de recibir apoio extra para levar a cabo proxectos destinados a facilitar que a xuventude con menos oportunidades explore Europa en igualdade de condicións.

Por outra banda, o Corpo Europeo de Solidariedade financiou 21 proxectos cun orzamento de arredor de 550.000 euros, o que impulsa a participación da mocidade en actividades solidarias, tanto individualmente como en equipo, e o fomento de proxectos solidarios de apoio ás comunidades locais e globais.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude reforza así o seu compromiso co acompañamento e a calidade das experiencias de mobilidade mediante diferentes iniciativas. Neste sentido, este mes de outubro acábase de celebrar no Monte do Gozo un curso de formación á chegada dirixido a 22 mozos e mozas procedentes de 14 países, que participan no programa Corpo Europeo de Solidariedade realizando o seu voluntariado en 7 comunidades autónomas.

Esta acción marcaba o inicio da súa experiencia de voluntariado que rematará en 2026 ofrecéndolles información práctica sobre a vida en España e ferramentas para afrontar a súa integración persoal e cultural. Ademais, tendo en conta o elevado número de persoas voluntarias que realizarán o seu servizo en Galicia, a Xunta de Galicia está xa a organizar unha nova formación de chegada para finais de novembro de 2025.

Ademais, no primeiro semestre de 2026 está prevista unha actividade formativa centrada na saúde mental da mocidade participante en ambos os programas, desenvolvida en colaboración coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. O seu obxectivo é promover o benestar emocional da mocidade, ofrecerlles ferramentas prácticas ao persoal e entidades participantes e fomentar o intercambio de boas prácticas entre países.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actividades enmárcanse no compromiso do Goberno galego co apoio e desenvolvemento da mocidade, contribuíndo ao crecemento sustentable, ao emprego, á cohesión social e ao fortalecemento da identidade europea e da cidadanía activa nunha sociedade en cambio cada vez máis móbil, multicultural e dixital.

A participación galega nestas convocatorias, que promoven a mobilidade, a educación non formal e a participación activa da mocidade en actividades solidarias e interculturais, segue a medrar de maneira sostida, consolidando Galicia como unha comunidade autónoma referente.

.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDARÁ EN 2026 A APOSTA POLOS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO TRAS CUBRIR MÁIS DE 8.000 VACANTES LABORAIS NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre o impacto desta convocatoria, desenvolvida en colaboración cos concellos e entidades sen ánimo de lucro, e na cal xa se investiron preto de 129 M€
- Máis de 66.000 persoas desempregadas participaron nos PIE desde 2009, incluíndo a actual convocatoria, na cal se lles concederon a 19 entidades locais —beneficiando uns 70 concellos— e a 30 entidades sen ánimo de lucro, catro deles exclusivos para mulleres
- Só nos últimos cinco anos, leváronse a cabo máis de 44.300 sesións individuais nas cales os participantes reciben asesoramento e acompañamento personalizado para favorecer a súa incorporación ao mercado laboral
- Ademais, impartíronse máis de 56.000 horas de formación, e destacan as accións vencelladas a sectores estratéxicos, como a industria metalmecánica, TIC, loxística industrial, construción ou comercio, e o labor de prospección empresarial
- Esta liña complétase con outras que a Xunta seguirá reforzando en 2026, como a orde de accións formativas para persoas desempregadas ou os obradoiros de emprego

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre a eficacia dos programas integrados de emprego (PIE), desenvolvidos en colaboración cos concellos e entidades sen ánimo de lucro e que nos últimos cinco anos permitiron a incorporación ao mercado laboral de máis de 8.000 persoas desempregadas en empresas dos seus contornos, contribuíndo así a cubrir vacantes, crear novas oportunidades e dinamizar o territorio.

Desde 2009, a Xunta leva investido neste instrumento preto de 129 M€, incluíndo neste balance a convocatoria 2025-2026, na cal lles foron concedidos PIE a 19 entidades locais —beneficiando en total uns 70 concellos— e a 30 entidades sen ánimo de lucro, catro destes últimos exclusivos para mulleres en situación de desemprego. Tras terse acadado unha taxa media de inserción laboral superior ao 47 %, a iniciativa seguirá consolidándose nos orzamentos de 2026, cunha nova contía de máis de 10 M€ para a edición 2026-2027 co fin de reforzar a súa eficacia e aumentar as oportunidades de emprego en Galicia.

Cómpre destacar que, nos últimos anos, os PIE demostraron ser unha ferramenta eficaz para fortalecer a empregabilidade e favorecer a integración profesional das persoas participantes. Entre os casos de éxito máis recentes destacan entidades de sectores estratéxicos como a Fundación Laboral da Construción, cunha taxa de inserción próxima ao 70 %; o Concello de Arteixo, onde o compromiso do tecido empresarial facilitou a incorporación efectiva dos participantes, e a Mancomunidad do Salnés, que apostou por formación en tecnoloxías innovadoras, como drons, ciberseguridade e impresión 3D. Ademais, a colaboración con organizacións do ámbito comercial e empresarial, como o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CCA Compostela Monumental ou a Asociación de Empresarios de Mos, permitiu ampliar as relacións profesionais dos participantes, promovendo prácticas, entrevistas e proxectos que reforzan a súa integración no mercado laboral.

Aposta pola formación e pola prospección empresarial

Desde 2009, máis de 66.000 persoas –incluídas as arredor de 5.000 desta convocatoria– participaron nos programas integrados de emprego promovidos pola Xunta. Ao seu abeiro, os beneficiarios reciben formación, asesoramento individualizado e acompañamento continuo para facilitar a súa incorporación ao mercado laboral. Segundo o informe, só nos últimos cinco anos leváronse a cabo máis de 44.300 sesións individuais con itinerarios personalizados de orientación, información e asesoramento na procura de emprego. Ademais, impartíronse máis de 56.000 horas de formación en especialidades recoñecidas polo Servizo Público de Emprego Estatal –con foco nas necesidades das empresas do territorio–, incluíndo técnicas de motivación, competencias sociolaborais e obradoiros para a preparación de entrevistas. Destacan tamén as accións vencelladas a sectores clave, como a industria metalmecánica, TIC, loxística industrial, construción ou comercio, así como iniciativas orientadas a fomentar a capacidade emprendedora.

Os PIE tamén xogan un papel clave na integración dos colectivos con máis dificultades de inserción. Como novidade da última convocatoria, destináronse 2 M€ a plans específicos para persoas maiores de 52 anos, que se sumaron á reserva doutros 2 M€ orientada ás mulleres, que nos últimos anos representaron arredor do 60 % das persoas participantes. Outra área fundamental é a prospección empresarial e a colaboración das compañías do contorno, que suman desde 2020 máis 8.000 cartas de compromiso de participación do tecido produtivo, a través de prácticas non laborais –realizáronse xa máis de 3.000–, entrevistas para ofertas de traballo, visitas guiadas ou charlas informativas.

Compromiso do Goberno galego coa empregabilidade

A liña de apoios dos PIE complétase con outras iniciativas que a Xunta continuará fortalecendo en 2026, como a orde de accións formativas para persoas desempregadas (AFD), renovada para proporcionarlles unha resposta máis áxil ás necesidades do tecido produtivo. Ademais, en colaboración con entidades locais, reforzaranse os obradoiros de emprego duais, que en 2026 contarán con 44 M€ para potenciar a empregabilidade dos participantes, ao mesmo tempo que se cobren prazas en sectores estratéxicos, sobre todo no rural, con especial atención á familia agraria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MOBILIZA PRETO DE 700.000 € A TRAVÉS DAS AXUDAS Á PROMOCIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E AO FOMENTO DA SÚA COMERCIALIZACIÓN, INNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE

- O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre as ordes que repartiron preto de 562.000 € entre 132 obradoiros, catro concellos e dúas asociacións, mobilizando un investimento de case 683.000 €
- A convocatoria para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización e a de impulso á innovación, modernización e sustentabilidade do comercio local e artesanal consolidaranse en 2026, en beneficio do sector artesán
- Tamén se promoverán iniciativas novas como a formación para aprendices por 1 M€, que busca garantir a remuda xeracional á fronte dos oficios tradicionais, na liña doutros programas pioneiros da Xunta, como o formativo Aprender da tradición
- Así mesmo, reforzaranse accións para difundir o noso bo facer artesán no marco de iniciativas como Artesanía no prato, que se salda xa con máis de 50 obradoiros traballando con *chefs* de todo o mundo, así como con distribuidoras de enxoval

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración sobre como a artesanía galega se viu beneficiada polas convocatorias de axudas de 2025, por unha banda, para a súa promoción e o fomento da súa comercialización, e, por outra, para o impulso á innovación, modernización e sustentabilidade do comercio local e artesanal. Así, un total de 132 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, catro concellos e dúas asociacións de persoas artesás recibiron, no marco das dúas ordes, preto de 562.000 euros, que se traduciron en case 683.000 euros de investimento mobilizados. Ambas as convocatorias —compatibles entre si e, de feito, 14 dos obradoiros recibiron achegas das dúas— se consolidarán en 2026, ao igual que outras medidas a prol do sector artesán, que destaca polo seu dinamismo vertebrador do territorio, xerador de emprego e fixador de poboación especialmente no rural.

En concreto, a Xunta concedeu 88 axudas por un importe superior aos 244.000 euros para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización, consciente da importancia das actividades artesanais en Galicia, que abranguen unha longa lista de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual. Nese sentido, as achegas das cales se beneficiaron 82 obradoiros, catro concellos e dúas asociacións profesionais e empresariais de persoas artesás están orientadas a apoiar a organización e participación en feiras, tanto dentro da nosa comunidade como no ámbito estatal ou internacional, co fin de impulsar a difusión e comercialización da artesanía galega.

En canto ás axudas para fomentar a innovación, a modernización e a sustentabilidade do comercio local e artesanal, concedéronselles a 64 obradoiros artesás por importe superior aos 317.000 euros, co fin de axudalos principalmente a introducir novas tecnoloxías dirixidas a transformar dixitalmente os seus negocios, conectando coa

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

clientela e ofrecendo unha experiencia de compra omnicanle única e personalizada, adaptada ás demandas actuais das persoas consumidoras. Nese sentido, cómpre salientar que esta convocatoria prevía achegas que podían chegar a preto de 50.000 euros e ao 80% do investimento para a dixitalización e a innovación, para a mellora de locais, para a adquisición de equipamento, para a eficiencia enerxética e para a compra de material promocional que aposte pola sustentabilidade ou, como novidade, para a elaboración de memorias técnicas de interiorismo.

Aposta pola artesanía en 2026

A convocatoria para a promoción da artesanía galega e o fomento da súa comercialización (265.000 € en 2025) e a de impulso á innovación, modernización e sustentabilidade do comercio local e artesanal (case 4 M€ para a vertente comercial e artesanal) consolidaranse nos orzamentos de 2026. Tamén se promoverán iniciativas novas como a formación para aprendices por 1 M€, que busca garantir a remuda xeracional á fronte dos oficios tradicionais, na liña doutros programas pioneiros da Xunta como *Aprender da tradición. Oficios e técnicas*, ao abeiro do cal se seguirán programando formacións sobre xastraría, olaría, forxa ou ourivaría, incrementando o número de actividades e a diversidade de técnicas co obxectivo de ampliar o abano de disciplinas en que asegurar o futuro a través da incorporación das novas xeracións.

Así mesmo, reforzaranse accións para difundir o noso bo facer artesan no marco de iniciativas como *Artesanía no prato*, que seguirá viaxando coa súa aposta por combinar artesanía e gastronomía co fin de consolidar o importante retorno en venda directa de pezas de Artesanía de Galicia e, sobre todo, no establecemento de colaboracións. Nese sentido, cómpre salientar que o proxecto xa supón que máis de 50 obradoiros artesanais estean traballando con *chefs* galegos, nacionais e internacionais, así como con grandes empresas distribuidoras de enxoval para hostalaría.

Cabe engadir que o Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 inclúe no seu segundo eixe, para a dinamización e visibilidade do comercio, unha medida para impulsar o posicionamento da marca Artesanía de Galicia, apoiando a comercialización de produtos artesanais en feiras profesionais e de venda directa e organizando e colaborando en eventos de comercialización, mercados e outras fórmulas de posicionamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE A XUNTA MELLORA A COMPETITIVIDADE E A RENDIBILIDADE DAS PEMES DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS DO MAR CON 14,7 M€

- Vanse apoiar 48 proxectos cos que está previsto mobilizar máis de 26 M€
- Salienta que as actuacións previstas están destinadas a “reforzar a calidade dos produtos, mellorar a eficiencia enerxética ou incrementar a seguridade laboral”
- Nas convocatorias anteriores destas axudas, cofinanciadas co anterior programa do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2016-2023, a Xunta concedeu apoios a un total de 388 iniciativas por un importe total de máis de 118 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e praxe “a destinar cerca de 15 millóns de euros a mellorar a competitividade e rendibilidade das pemes das pemes de transformación de produtos do mar en Galicia”. O obxectivo é apoiar a un sector “no que Galicia é líder a nivel europeo”.

En concreto, a resolución da convocatoria deste ano recolle a aprobación de 48 proxectos impulsados polo sector por un importe bianual de 14,7 millóns de euros. Con estas achegas, a Xunta contribúe co 50% do importe subvencionable de cada un deles, e esta porcentaxe poderá elevarse ao 100% se o proxecto é de índole colectiva e ten características innovadoras, polo que o investimento total para acometer melloras nas instalacións destas empresas é de 26,4 millóns de euros.

Entre as accións que son obxecto de apoio, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, Pesca e de Acuicultura (FEMPA), está a optimización dos procesos de transformación, a innovación no ámbito da industria de procesamento de peixes e na transformación de moluscos, a ampliación e adquisición de equipamentos nas plantas deste sector e melloras en materia de eficiencia enerxética, entre outras.

Os beneficiarios destas subvencións son as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura que realizan investimentos que contribúen, entre outras cuestións, “a reforzar a calidade dos produtos, mellorar a eficiencia enerxética ou incrementar a seguridade laboral dos traballadores”.

O obxectivo desta liña de axudas tamén é que o sector transformador de produtos do mar reduza o seu impacto no ambiente e promova a innovación, o que contribúe a incrementar a súa competitividade e a mellorar os seus resultados económicos.

Cabomar

O Consello da Xunta da Xunta autorizou, no marco destes apoios autonómicos, a concesión, por parte da Consellería do Mar, dunha axuda ao proxecto presentado por Cabomar Congelados, con máis de 20 anos de traxectoria, que dá emprego a arredor de 200 persoas nas súas instalacións en Marín. Esta empresa, que centra a súa actividade na elaboración e no procesamento de produtos do mar, tanto refrixerados como

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conxelados, recibirá un apoio de 3,7 millóns de euros en dúas anualidades para a modernización e o uso de sistemas de xestión sustentables no seu proceso produtivo.

Anteriores convocatorias

Na anterior convocatoria, a primeira ao abeiro do FEMPA, foron aprobados 45 proxectos impulsados polo sector por un importe de 10,5 millóns de euros que supuxeron un investimento total de 20,9 millóns de euros. Ademais, durante a vixencia do anterior Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) o Goberno galego desenvolveu oito convocatorias destas axudas nunha clara aposta pola innovación e a mellora da competitividade do sector. Así, foron aprobados máis de 118 millóns de euros en achegas para o desenvolvemento de 388 proxectos de mellora das instalacións de pemes de transformación de produtos do mar.